

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro do 2016

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 29 de novembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 15 de novembro de 2016.
- 2º.- Ratificación da resolución da Alcaldía.
- 3º.- Comunicación previa (obra menor).
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Licenza de primeira ocupación.
- 6º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15 de novembro de 2016.

SEGUNDO.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 23.11.2016, pola que se concede unha bonificación a S.C.M, que na súa parte dispositiva di:

1º) Conceder á interesada unha bonificación do 100% do prezo público polo importe de 80 euros, para todo o curso 2016-2017, pola actividade de ximnasia rítmica, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de "difícil integración", consonte co disposto no art. 5.ap. 6) da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Modificar o padrón aprobado do 1º prazo, no senso de dar de baixa á interesada no mesmo.

3º) Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

4º) Dar conta desta resolución á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade ratificar a resolución da alcaldía nos seus propios termos.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GENMA TRONCOSO REGO, con domicilio en Travesía de San Lourenzo 12, Santiago de Compostela, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Rúa Gondar 7, Brión:

- Cambiar a cobertura existente de pizarra por outra de tella, nunha superficie aproximada de 70 m².
- Melloras nas instalacións interiores de electricidade e fontanería.
- Cambio de azulexos no baño e na cociña, nunha superficie aproximada de 25 m².
- Colocación de laminado de madeira sobre terrazo e sintasol existente, nunha superficie aproximada de 100 m².
- Pintura de paredes interior e exterior.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se incremente o volume da cuberta.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO ROMERO CES e AINOHA ARANA BILBAO, con domicilio en Xinzo 31, Bastavales, de solicitude de licenza de obra maior para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar e ampliación dun galpón, en Xinzo 31, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco José Vázquez González, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14/07/2016 e documentación complementaria visada o 25/10/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural tradicional da zona leste (NRL2), séndolle de aplicación a ordenanza de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco José Vázquez González, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14/07/2016 e documentación complementaria visada o 25/10/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por FAUSTINO PEDROSA BARGO, con domicilio en Paseo de Pedrouzos 13, 3ªA, Brión, de solicitude de licenza de obra maior para demolición parcial dun galpón situado en Guitiande, Os Ánxeles, segundo proxecto de derribo parcial redactado polo arquitecto técnico Javier Suárez del Río, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 18 de novembro de 2016 (expediente 2174/16), acorda por unanimidade conceder a licenza de derribo parcial solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Deberá adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real Decreto 604/2006, de 19 de maio, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- En aplicación do disposto no artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberá achegar á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final que documente o proceso levado a cabo (incluíndo unha reportaxe fotográfica).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Eladio Esparís Barbazán, que di actuar en representación de ASOCIACION ESPARIS Sociedade Civil, con domicilio en Vilar 15, Viceso, de solicitude de licenza de obra para construír unha fosa de purín e acondicionar o interior da nave existente para recría de novillas, en Vilar, Viceso, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 23/11/2016, visado nº CO-20160982.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-2) séndolle de aplicación, segundo a Disposición Tradicional 1ª, 2.c), da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o disposto ao respecto na ordenanza nº9 para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 23/11/2016, visado nº CO-20160982.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTONIO RODRIGUEZ CASTIÑEIRAS, con domicilio na Avd. da Mahía 24, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no lugar de Cirro 28, San Salvador.

Con data 08/09/2010 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Pablo Puñal Quintana e María Ángeles Grobas Fernández, para a construción dunha vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta e do certificado final de dirección de obra dos arquitectos Javier Rivadulla Montaña e Manuel Cid Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11/11/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González